



Manual de uso da plataforma de **telepresenza da EGAP**

USUARIOS/AS



Este manual ten por obxecto explicar os pasos necesarios para conectarse á plataforma de telepresenza da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e, en concreto, como habilitar o vídeo, o audio e o micrófono.

Se tras dar os ditos pasos a persoa usuaria non se pode conectar á plataforma correctamente, será necesario que realice o mesmo proceso dende outro equipo. Se tamén fallase a conexión dende o segundo equipo, a persoa usuaria deberá intentalo novamente dende un smartphone ou tablet, xa que a plataforma está preparada tamén para o seu uso.

IMPORTANTE:

DEBEN EMPREGARSE AS VERSIÓNS MÁIS ACTUALIZADAS DOS NAVEGADORES.



1. REQUIRIMENTOS E EQUIPO NECESARIO

As persoas usuarias para poder utilizar a plataforma de telepresenza deberán contar con:

1. Ordenador con conexión estable a internet, tamén é válido un smartphone ou tablet.
2. Navegador web: Microsoft Edge, Google Chrome ou Mozilla Firefox nas últimas versións.
3. Webcam: recomendable contar con ela, pero non sempre é necesaria.
4. Altfalantes: obrigatorios en todos os cursos.
5. Micrófono: recomendable en todos os cursos e obrigatorio nos cursos de idiomas, incluídas as probas de nivel.



2. PASOS PARA UNIRSE Á PLATAFORMA DE TELEPRESENZA

PASO 1:

Hai dúas maneiras de acceder á plataforma:

- a través da páxina web da EGAP: <https://egap.xunta.gal> e facemos clic na icona de **AULA VIRTUAL**, ou
- a través do seguinte enlace: <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>.

The screenshot shows the homepage of the Escola Galega de Administración Pública (EGAP). At the top, there is a navigation bar with links for 'Mapa web', 'Accesibilidade', and 'Contacto', along with language options: 'Galego', 'Castellano', and 'English'. Below this is a main menu with categories: 'A EGAP', 'FORMACIÓN', 'MULTIMEDIA', 'ACTUALIDADE', and 'COÑECEMENTO'. A search bar is located on the right side of the main menu.

The main content area is titled 'Inicio' and features five large, colorful buttons: 'A EGAP' (blue), 'FORMACIÓN' (green), 'MULTIMEDIA' (teal), 'ACTUALIDADE' (pink), and 'COÑECEMENTO' (purple). To the right of these buttons are social media links for Facebook, Twitter, and LinkedIn, and a 'MATRÍCULA' section with an 'ÁREA DE MATRÍCULA' button.

Below the main content area is a section titled 'Material Multimedia en EGAP Aberta'. It has tabs for 'Vídeos', 'Imaxes', 'Audios', and 'Presentacións'. The 'Presentacións' tab is selected, showing three presentation cards:

- LA CASACIÓN CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA**: A nova casación contencioso-administrativa. Algun... 4548 reproducións
- NOVEDADES QUE FOMENTAN UNA MAYOR TRANSPARENCIA**: Novidades que fomentan unha maior transparencia 4860 reproducións
- Disposiciones específicas para el ámbito local en la LCSP 2017**: Disposicións específicas no ámbito local ... 5583 reproducións

A button at the bottom of this section says 'Ver todos os arquivos de presentacións'. On the right side of the page, there is a vertical sidebar with a 'SIGUENOS ...' section, a 'MATRÍCULA' section, and a 'LEXISLACIÓN AUTONÓMICA' section. The 'AULA VIRTUAL' button in the sidebar is highlighted with a green circle.




PASO 2:

Na seguinte páxina que aparece, hai que identificarse con *Usuario* e *Contrasinal*.

Se fose persoal empregado público da Xunta de Galicia, utilizará: Usuario Xunta e o contrasinal correspondente.


Se fose outro tipo de persoal accederá co seu DNI e co contrasinal que use para acceder á zona de matrícula.




Nesta páxina hai a opción de *Revisar os meus datos de perfil antes de acceder*, na que se poderá comprobar e/ou modificar os datos da persoa usuaria, así como o contrasinal de acceso.

PASO 3:


Unha vez dentro da Aula virtual, na columna da esquerda, ao premer en *Taboleiro*, aparece na parte central: *Vista xeral de cursos*, onde se poden elixir nun despregable os cursos que queremos visualizar.



En *Taboleiro*, tamén aparece na parte central: *Cursos de recente acceso*, onde se visualizan os últimos cursos aos que se teña accedido.



Na Aula virtual, na columna da esquerda, ao premer en *Inicio do sitio*, aparece na parte central: *Buscar cursos*, onde se pode buscar un determinado curso introducindo o Código do curso.






PASO 4:

Unha vez localizado o curso ao que queremos acceder, entramos nel, e no apartado *Xeral*, prememos en *Sala de telepresenza*.



PASO 5:

Unha vez dentro da Sala de telepresenza do curso, prememos en *Unirse á sesión*.




3. USO DA PLATAFORMA DE TELEPRESENZA


Ao entrar na Sesión de telepresenza do curso, aparecerá unha mensaxe na que hai que elixir unha das dúas opcións que se propoñen:

1. *"Micrófono"*: elixirase para escoitar e falar durante a sesión, ou
2. *"Só escoitar"*: elixirase para escoitar, sen posibilidade de falar, podendo intervir na sesión escribindo no chat habilitado.

Para elixir calquera das dúas opcións hai que premer na icona correspondente.




Se se elixe a opción *Micrófono* a plataforma lanzará unha proba de eco. Se está ben configurado, escoitarase o teu eco e debes premer na icona en cor verde *Si*. En caso contrario debes premer na icona en cor vermella *No*, neste caso consulta o apartado 4 deste manual.




Se saímos da aula e queremos volver a entrar aparecerá de novo a mensaxe na que hai que elixir *Micrófono* ou *Só escoitar*.



Se ingresamos á aula, na parte inferior central aparecen as iconas activas en cor azul, neste caso micrófono e audio. As tres primeiras, de esquerda a dereita, correspondense con: *Silenciar Micro*, *Abandonar audio* e *Conectar webcam*.





Se prememos na terceira icona: *Conectar webcam*, aparecerá unha ventá de Configuración de webcam:






Nesta ventá de *Configuración de webcam* podemos seleccionar a webcam que utilizaremos e a calidade da imaxe, e podemos facer unha previsualización da imaxe da webcam. Logo de seleccionar os parámetros adecuados, premeremos en *Iniciar compartir*, deste xeito compartese a imaxe para a aula.

Podemos maximizar a imaxe da webcam premendo no botón sinalado na seguinte captura, deste xeito melloramos a visualización das imaxes a compartir. Para minimizar a imaxe temos que premer no botón indicado na segunda captura.





Para saír da aula prememos nos tres puntos da esquina superior dereita e eliximos *Cerrar sesión*.



Todas as sesións de telepresenza serán gravadas e poderánse consultar ata un mes despois da finalización do curso, logo deste prazo non serán accesibles.


En cada sesión de telepresenza a persoa docente realizará obrigatoriamente 2 controis de asistencia:

- o primeiro control aos 30 minutos de iniciarse a sesión, e
- o segundo control cando falten 15 minutos para o remate da sesión.

4. INCIDENCIAS NO USO DA PLATAFORMA DE TELEPRESENZA

Micrófono:

Se ao elixir a opción Micrófono e durante a proba de eco non nos podemos escoitar, logo de premer na icona en cor vermella **No**, aparecerá a seguinte ventá para configurar o audio:



Nesta ventá aparecen dúas fontes: *Fuente del micrófono* e *Fuente del altavoz*.

En primeiro lugar, hai que premer en *Reproducir sonido*, se ao premer podemos oír algún sonido quere dicir que o altafalante está ben configurado, en caso contrario debemos cambiar de fonte de altafalante ata que poidamos escoitar algún sonido.

En segundo lugar e unha vez configurado o altafalante, debemos seleccionar unha nova *Fuente del micrófono* e premer no botón *Intentar de nuevo*, deste xeito realizamos a proba de eco coa nova configuración. No caso de non saber que *Fuente del micrófono* é a correcta, deberemos ir probando ata atopar a correcta, dependerá do equipo que está utilizando cada persoa.




Micrófono e webcam:


Con respecto ao micrófono e cámara, pode ocorrer que sexan bloqueados polo navegador. Para solucionar este problema debes seguir os pasos que se recollen nas seguintes capturas de pantalla onde se explica como permitir o uso de cámara e micrófono nos navegadores soportados.

- [Google Chrome:](#) Pulsar en **“Permitir mientras se visita el sitio”**

Micrófono:




Webcam:





- [Mozilla Firefox](#): Pulsar en **“Permitir”**

Micrófono:



Webcam:

